


# INFORME DE AVALIACIÓN DO PAT

Curso 2015/2016

R2 DO-0203 P1



Neste informe presentamos os datos acadados en relación coas accións levadas a cabo no PAT do grao en Xeografía e Historia durante o curso 2015-2016.

Unha vez comezado o curso académico no decanato realízase a asignación de titores/as a cada estudante matriculado no grao, seguindo o cronograma de actuacións que figura no Plan de Acción Titorial da facultade de Historia (neste momento traballouse cun borrador que foi aprobado en Xunta de Facultade o 25/02/2016). Os resultados deste curso son os seguintes:

#### 1. Índices de participación

Nas accións desenvolvidas en relación co PAT do grao en Xeografía e Historia foron incluídos un total de 16 docentes no curso 2015-2016, dos/as cales 9 (2 menos que no pasado curso)<sup>1</sup> participaron activamente, con resultados semellantes ao pasado curso. Pola súa banda o número de estudantes dos catro cursos do grao ascendeu a 135, polo que a proporción resultou de 8-9 estudantes por titor/a. Trala asignación e a implementación dos procedementos previstos (reunións individuais ou/e grupais) asistiron un total de 27 estudantes, equivalentes a unha quinta parte do total (20%).

#### Resultados:

- Número de estudantes asistentes as reunións iniciais programadas polos docentes/titores/as (Anexo II): 25. A maiores cumprimentaron este Anexo II outros 16 estudantes máis matriculados/as no 1.º curso do grao, coincidindo coas xornadas de acollida que se fan ao inicio do curso académico (02/09/2015).

- Número de estudantes asistentes as reunións de seguimento programadas polos docentes/titores/as (Anexo III): 27. A Comisión de Calidade quere destacar o incremento que se produciu sobre o curso pasado (9), a melloría é notable, se ben aínda non alcanza os resultados desexados.

---

<sup>1</sup> Destes 9, 2 convocaron a todos os/as seus titorandos/as, pero estes/as non acudiron ás reunións programadas.

R2 DO-0203 P1

- Número de estudantes asistentes as reunións que cumprimentar o Anexo IV-a: 20<sup>2</sup> (fronte os 14 do curso pasado). As cifras manteñen unha participación do alumnado crecente, cun total de 79 reunións, se ben aínda debemos mellorar estes resultados. A participación do profesorado acada uns niveis satisfactorios, coincidentes co curso pasado, polo que seguimos mantendo como obxectivo para o vindeiro curso a plena participación, tanto nas actividades a desenvolver como na realización da enquisa de satisfacción (Anexo IV-b) que acadou un valor moi baixo (3 enquisas sobre 9 participantes activos).

-Valores acadados no Anexo IV-a (cuestionario final de satisfacción do alumnado)

Número de casos: 20

	Moi boa	Boa	Mala	Moi mala
Item 1.	8	9	3	–
Item 2.	11	8	1	–

	Moito	Bastante	Pouco	Nada
Item 3.	5	12	2	–
Item 4.	12	7	1	–

	Si	Non
Item 5.	20	–
Item 6.	20	–
Item 7.	18	–

	Moi ben	Ben	Mal	Moi mal
Item 8.a.	15	5	–	–
Item 8.b	14	6	–	–

A meirande parte consideran boa o moi boa a información previa ofrecida do PAT e a organización e coordinación das distintas actividades desenvolvidas (items 1 e 2); así como pensan que o PAT respondeu bastante as súas expectativas e que esta acción resulta de moita utilidade (items 3 e 4). O total opina que os asuntos abordados resultan aplicables a distintos aspectos do seu desenvolvemento persoal, académico e profesional, que as

<sup>2</sup> As reunións finais asistiron 22 estudantes, se ben só cumprimentaron o Anexo IV-a 20.

R2 DO-0203 P1

datas establecidas para as reunións programadas foron axeitadas, así como o sistema de seguimento (items 5, 6 e 7).

Tamén cualifican a maioría cun moi ben a atención persoal do estudantado e o feito de que as súas dúbidas foron aclaradas (items 8a e 8b).